



## Proposta de percorrido da nova liña 21A

Novo Mesoiro – Mesoiro – Campus Elviña  
– Matogrande – Zona Sanitaria (CHUAC/Materno)  
– Os Castros – CC Carrefour – Someso/Martinete



## Proposta de percorrido da nova liña 21A Novo Mesoiro – Mesoiro – Campus Elviña – Matogrande – Zona Sanitaria (CHUAC/Materno) – Os Castros – CC Carrefour – Someso/Martinete.

### Xustificación

A carencia de servizos no barrio de Novo Mesoiro non é unha denuncia que xa sorprenda a ninguén. Veciñas e veciños levamos anos solicitando dotármonos de servizos sanitarios, educativos, culturais, implantación de infraestruturas etc.

Unha das reclamacións recorrentes é dotar ao barrio dun servizo de transporte público colectivo áxil, rápido e funcional. Seguimos a ser (xunto con Mesoiro, Feáns e Urb. Breogán) a única zona da Coruña que non está conectada de xeito peonil coa cidade, polo que o uso de vehículos se fai necesaria se queremos facer vida normal: ir traballar, ir estudar, ir os centros sanitarios de referencia, ir facer compras, ou mesmo para saír do barrio porque nos apetece.

A actual liña do bus, a liña 21, cubre, apenas, as necesidades reais do barrio, conectándonos co centro, e tendo que ser reforzada puntualmente a primeira hora da mañá. Mais é **INSUFICIENTE**.

Por que? Porque os nosos fillos queren ir estudar á Universidade. Porque no Centro de Saúde de Matogrande nos atenden polas tardes mentres o de Novo Mesoiro pecha. Porque hai moitas persoas da zona que necesitan ir o CHUAC e o Teresa Herrera. Porque queremos ir a algún centro comercial a mercar. E porque non todo nesta vida é ir o centro da Coruña, que tamén.

É por iso que iniciamos unha campaña de recollida de sinaturas. E é por iso que reclamamos a **implantación dunha liña de bus entre o barrio de Novo Mesoiro e o barrio dos Castros que percorra o Campus Universitario de Elviña, Matogrande e as zonas sanitarias CHUAC e Materno e para a ampliación en dúas paradas da liña hoxe en día existente da UdC para que atenda o barrio de Novo Mesoiro.**



## Proposta de percorrido da nova liña 21A

Novo Mesoiro – Mesoiro – Campus Elviña – Matogrande – Zona Sanitaria (CHUAC/Materno) – Os Castros – CC Carrefour – Someso/Martinete.

### Ficha técnica.

Percorrido medido e realizado o xoves 28 de setembro de 2017, entre as 18.52 h e as 19.34 h.

Distancia total: 19,3 quilómetros.

Tempo total do percorrido realizado en vehículo privado: 43 minutos.

Tempo total estimado para transporte público colectivo: rango entre 50 e 56 minutos.

### Percorrido de ida, Novo Mesoiro-Residencia:

Cabeceira-Saída (1) máis 18 paradas.

- Distancia: 7,8 quilómetros.
- Tempo en vehículo privado: 18 minutos, 02 segundos. (saída ás 18.52 h, chegada ás 19.10 h).
- Tempo estimado en bus, atendendo a tráfico, paradas e outras circunstancias (retencións ocasionais ou habituais, acceso por vías, horas punta etc): entre 22 e 25 minutos.

### Percorrido de volta, Residencia-Novo Mesoiro:

Cabeceira-Saída (1) máis 24 paradas.

- Distancia: 11,5 quilómetros.
- Tempo en vehículo privado: 24 minutos, 34 segundos. (saída ás 19.10 h, chegada ás 19.34 h).
- Tempo estimado en bus, atendendo a tráfico, paradas e outras circunstancias (retencións ocasionais ou habituais, acceso por vías, horas punta etc): entre 28 e 31 minutos

### Proposta de frecuencias:

Ao ser unha liña eminentemente de servizo a estudantado, persoas que empregan os servizos sanitarios, compra diaria e outros servizos propónse tres frecuencias adaptadas ao día

- Proposta de frecuencia diaria: 1 bus cada 20 minutos, ás en punto, ás e vinte e ás menos vinte.
- Proposta de frecuencia sábados: 1 bus cada media hora.
- Proposta de frecuencia domingos e festivos: 1 bus cada hora.

### Proposta de horario:

- Diario: desde as 7.00 h até as 23.00 h.
- Sábados e domingos e festivos: desde as 8.00 h até as 22.00 h.

### Proposta de implementación:

1 de xaneiro de 2018.

**Proposta de percorrido da nova liña 21A**  
 Novo Mesoiro – Mesoiro – Campus Elviña – Matogrande – Zona Sanitaria (CHUAC/Materno) – Os Castros – CC Carrefour – Someso/Martinete.


**Residencia – Novo Mesoiro (volta)**



**Novo Mesoiro – Residencia (ida)**



Proposta de percorrido da nova liña 21A  
Novo Mesoiro — Residencia (IDA)





Proposta de percorrido da nova liña 21A  
Residencia— Novo Mesoiro (VOLTA)

